

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: Visto o Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. I recolle que <i>“como declarou a Organización Mundial de la Salud el pasado 11 de marzo, el brote de COVID-19 se ha convertido en la última semana en una pandemia. Inicialmente localizado en la región china de Hubei, en las últimas semanas el brote de COVID-19 se ha propagado rápidamente por todo el mundo. La crisis sanitaria se está transmitiendo a la economía y a la sociedad a una velocidad inusitada, afectando tanto a la actividad productiva como a la demanda y al bienestar de los ciudadanos”</i> . Visto que esta Entidade Local, como Administración máis próxima ao cidadán, non pode ser allea a todas as medidas que se están a tomar dende os gobernos central e autonómico. Máis ben ao contrario, debe de adoptar medidas activas que redunden dun modo directo, e inmediato, nos servizos prestados aos veciños. Por iso, e a pesares de todas as medidas que se tomaron en días pasados para impedir a propagación do COVID-19, considérase necesario a convocatoria dun Pleno extraordinario, no que se adoptarán acordos que beneficiarán a un sector moi amplo de estradenses.
Data	30 de abril de 2020
Duración	Desde as 13:48 ata as 14:25 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretaria acctal.	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

Concello da Estrada



DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	NON
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
[REDACTED]	M.ª JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS (Secretaria acctal)	SÍ
[REDACTED]	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
[REDACTED]	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
[REDACTED]	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión e, antes de tratar os asuntos da Orde do Día, quere agradecer á Deputación Provincial de Pontevedra por haber facilitado durante un ano a todas as administracións locais que traballan con Gestiona esta plataforma para poder celebrar as sesións dos órganos colexiados a través de videoconferencias, permitiñndonos seguir coa xestión normal do Concello, sendo un exemplo claro á cidadanía de que seguimos traballando con normalidade; en relación a este aspecto quere facer un recoñecemento aos membros da desta corporación por mostrar que estamos á altura de afrontar esta situación difícil, dando exemplo de lealdade e traballo

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





conxunto, tanto a nivel económico como sanitario, e que espera que redunden na pronta saída do noso concello desta situación. Polo anterior quere felicitar a todos/as os/as concelleiros/as que forman esta corporación, esperando que esta colaboración se traduza na adopción de acordos unánimes para seguir avanzando en proxectos que melloren a situación dos estradenses.

Tamén quere felicitar e recoñecer o traballo que están a facer os funcionarios que, independentemente que estean nas súas casas co teletraballo, os departamentos están a funcionar a bo ritmo, por isa razón felicita ao persoal de todos os departamentos municipais polo seu esforzo e o seu traballo nesta difícil época que nos toca vivir en sen baixar o rendemento.

Pol último o Sr. Alcalde non quere esquecer aos/ás nosos/as veciños/as, os cales están dando un exemplo de responsabilidade, polo que, en nome da Corporación, quere trasladarlles a súa felicitación polo seu comportamento exemplar.

Finalmente, procédese á deliberación dos asuntos incluídos na orde do día por medio de videoconferencia certificada.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 5 DE MARZO DE 2020

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 5 de marzo de 2020, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 9 DE MARZO DE 2020

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 9 de marzo de 2020, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 24 DE MARZO DE 2020

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 24 de marzo de 2020, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: ATNCWWH9NSQXPT736YXQAKMK | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 13



Expediente 579/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN Á PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO PARA O FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PROXECTO "RENOVACIÓN PARCIAL DO ALUMADO, ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN EXTERIOR"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para dar conta deste asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen explica que o que se propón é a adxudicación á ABANCA da operación de crédito por importe de 1.708.361,92 euros destinada ao financiamento da achega municipal para o proxecto "Renovación parcial do alumado, iluminación e sinalización exterior", previo estudo das ofertas presentadas polas entidades bancarias interesadas, segundo valoración que consta no informe técnico da Intervención municipal, existindo xa o previo ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas.

Continúa explicación que se trata dun préstamo a longo prazo, concretamente a 12 anos (10 de amortización e 2 de carencia), cun período de liquidación de xuros trimestral e variable, sen comisión de non dispoñibilidade e comisión de axencia, e cun xuro de demora do 1% por enriba do tipo de xuro debedor en cada momento do cálculo.

Pide a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen ten pouco que opinar neste asunto ante o reflectido no informe de Intervención, apoiando esta proposta e anuncia que o seu grupo vai a votar a favor deste asunto.

Aproveita a súa intervención para trasladar a súa preocupación polo Orzamento municipal para o exercicio 2020; di que esta operación de préstamo permitirá a renovación das luminarias no noso rural e que redundará nun aforro no capítulo de gastos do nomeado orzamento 2020 en materia de alumado público no rural, pero reitera que é preocupante a ausencia do Orzamento para o presente ano, estando a estas alturas do exercicio funcionando cun orzamento prorrogado, existindo unha negligencia política por parte do grupo de goberno, ademais de por parte da concellería da área de Facenda, e que poderá constituír un problema severo á hora de aplicar medidas para combater a crise económica que está por vir con motivo do COVID-19. Polo anterior, insta á área de Facenda e ao grupo de goberno para que aceleren a tramitación do correspondente expediente e traian a este Pleno ese Orzamento para o 2020 co gallo de poder debatelo e aprobalo, e, deste xeito, que este Concello poida funcionar como lle corresponde dentro da súa categoría e dar acollida ás medidas necesarias para facer fronte á futura crise económica que se avexia.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para, en primeiro lugar, sumarse a ese agradecemento que o Sr. Alcalde fixo ao inicio desta sesión aos veciños e aos traballadores municipais; en segundo lugar, traslada o voto a favor do seu grupo á proposta que estamos a tratar.

Pregunta sobre en que situación se atopa nestes momentos o Orzamento para o 2020, entendendo que na súa elaboración deben de participar todos os grupos políticos con compoñen esta corporación, xa que non pode tratarse dun "copia e pega" de outros orzamentos pasados, senón que ten que ser un orzamento que redistribuía mellor o gasto público.

Continuando co asunto que se está a tratar, di que o informe emitido pola Intervención é bastante claro e positivo, non quedando outra opción que votar a favor da contratación desta operación de crédito con ABANCA.

Intervén a voceira do grupo mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, adiantando que o seu grupo vai a votar a favor desta proposta, sumándose ao manifestado polos anteriores voceiros sobre a necesidade de aprobar o Orzamento para o ano en curso, sobre todo encamiñado para

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: ATNCWVH9NSQXPT736YXQAKMK | Corrección: <https://estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 13



facер fronte dun xeito solvente a esta crise económica que vai a vir, sendo necesaria unha redistribución do gasto, sobre todo tendo en conta que os eventos e festividades previstas non se van a celebrar e que os presupostos fixados para estas quedan sen utilizarse.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o informe técnico relativo á adxudicación do contrato de préstamo a longo prazo para o financiamento da achega municipal ao proxecto "Renovación parcial do alumado, iluminación e sinalización exterior", fiscalizado pola Intervención municipal que se transcribe a continuación:

"Mediante Providencia de Alcaldía do 10-02-2020 (expediente gestiona 529/2020) iniciouse o correspondente expediente de concertación da operación de crédito por importe de 1.708.361,92 euros e un prazo de 12 anos (10 de amortización + 2 de carencia).

O dito expediente, xunto co prego de condicións que rexe a contratación, foron aprobados por sesión plenaria do 24-02-2020 unha vez informado pola Intervención municipal con datas do 13 (prudencia financeira) e o 14 de febreiro (incoación do expediente e cumprimento das condicións para a concertación da operación).

Con motivo da publicación do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE de 14 de marzo de 2020) e do Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo polo que se modifica o Real Decreto 463/2020 (BOE de 18 de marzo de 2020), e á vista das instrucións ditadas pola Alcaldía en data 20/03/2020 e do Decreto da Alcaldía nº 2020-0344 do 8-04-2020 no que se declara o expediente nº 579/2020 de tramitación excepcional e urgente, xerando a situación de alarma a modificación de varias cláusulas do Prego de condicións técnicas, ente as que se atopa a nº 18 sobre a anulación da comisión técnica, e a súa substitución por un informe técnico de intervención no que se cualificará a documentación presentada e subsanados, no seu caso os defectos ou omisións, se procederá a declarar as admitidas e as rexeitadas con expresión da causa do rexeitamento, nun informe-proposta motivado que será sometido a fiscalización de Intervención.

Tendo en conta as proposicións presentadas por ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. E BANCO SABADELL, S.A.:

As indicadas entidades aportan a documentación administrativa requerida nos pregos e no Decreto da Alcaldía nº 2020-0344 do 8-04-2020.

As ofertas económicas presentadas, son as que se indican de seguido:

ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.

Tipo variable: Custo Total Máximo -14,5 puntos básicos TAE: 0,1702% (Tipo de Interés Eur 3 ME +0,64 %)

Comisións e gastos: 0 Euros

Interese de demora aplicable: 1 % por encima do interés deudor en cada momento do cálculo.

() Esta oferta está suxeita a aprobación por Abanca, unha vez sexa presentado polo Concello Orzamento liquidado do ano 2019, e informe de intervención cos novos cálculos.*

BANCO SABADELL, S.A

Tipo fixo: Custo Total Máximo (0,511%) +53,9 puntos básicos. TAE: (1,05 %) Xuro interés fixo ofertado: 1,05 %

Tipo variable: Custo Total Máximo (0,388%) +39,2 puntos básicos . TAE:(0,78%) Xuro interés variable ofertado: Euribor 3 meses + 1,15 %

Comisións e gastos: 0 Euros

Interese de demora aplicable: tipo vixente + 0,99

Á vista dos datos anteriores,

INFÓRMASE:

PRIMEIRO: CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE PRUDENCIA FINANCEIRA.- *Vistas as indicadas ofertas, e a efectos de comprobar que cumpren co principio de prudencia financeira, realizáronse os seguintes cálculos:*

Tipo fixo:

BANCO SABADELL, S.A.C.T.M.(0,511%) +53,9 puntos básicos= 1,05 %. TAE: (1,05 %)

Tipo variable:

ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.:CTM (0,388%)-14,5 puntos básicos (-0,145 %) = 0,243% TAE: 0,1702%

Referido a euribor trimestral (-0,397%) + 0,64% = 0,243 %

BANCO SABADELL, S.A.:CTM(0,388%) +39,2 puntos básicos (+0,392 %) = 0,78 % TAE: 0,78%

Referido a euribor trimestral (-0,397%) + 1,15 % = 0,753 %

En base ao anterior procede realizar as seguintes observacións:

1.- *A ofertas presentadas polo Banco Sabadell, S.A. incumpren, tanto no relativo ao tipo de xuro fixo coma variable, o establecido na cláusula 8.3 e 8.4 do prego de cláusulas, así como o principio de*

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: ATNCWWHNSQXPT736YXQAKMK | Corrección: https://eestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 13



prudencia financeira, ao presentar ofertas que superarían o custe total máximo.

8.3 "Aos efectos de garantir que o tipo de interese ofertado se sitúe por debaixo do referido CFE publicado en cada momento (última publicación: Resolución de 5 de febreiro de 2020 -B.O.E. do 7 de febreiro), as ofertas consistirán, segundo modelo contido no anexo I, nunha marxe definida en puntos básicos a descontar sobre o mencionado Custo Total Máximo)"

8.4 "Para o tipo de xuro fixo: (Tipo fixo máximo do CFE en vigor na data de apertura do proceso de licitación: 0,011% + 0,50 puntos básicos) - x puntos básicos ofertados. Para o tipo de xuro variable: (EURIBOR 3 meses na data de apertura do proceso de licitación: -0,397% + Diferencial do CFE en vigor na data de apertura do proceso de licitación: 0,285% + 0,50 puntos básicos) - x puntos básicos ofertados"

2.- Estímase correcta a única proposición a tipo de xuro variable presentada por Abanca Corporación Bancaria, S.A., ("Custo Total máximo: - 14,5 Puntos Básicos") e que cumpre co establecido nos prego de cláusulas, máis concretamente os apartados 8.3 e 8.4, ao ofertar unha rebaixa sobre o custe total máximo: CTM (0,388%)-14,5 puntos básicos (-0,145 %)= 0,243%

O cálculo anterior referido a euribor trimestral máis un diferencial quedaría en: Euribor trimestral (-0,397%)+ Diferencial máximo (0,64 %)= 0,243 %

Con respecto á TAE (0,1702%), non se aclara se está incluído o custe total máximo ou se sumaría aparte. Dado que se manifesta expresamente que $TAE \leq CTM$, e que se cumpre o principio de prudencia financeira, enténdese cumprido este requisito.

SEGUNDO: VALORACIÓN DAS PROPOSTAS PRESENTADAS.-

Banco Sabadell, S.A.: presenta ofertas a tipos de xuro fixo e variable, que superarían en ámbolos dous casos o custe total máximo polo que incumpren o principio de prudencia financeira. Enténdese que debería quedar excluída.

Abanca Corporación Bancaria S.A. presenta unha rebaixa sobre o custe total máximo(0,388%) de -14,5 puntos básicos (-0,145 %), polo que o tipo de xuro sería do 0,243%. Admitida.

TERCEIRO: tendo en conta o anteriormente exposto realízase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO DA CORPORACIÓN

Adxudicar a operación de crédito por un importe de 1.708.361,92 euros con destino ao financiamento da achega municipal da obra "Renovación Parcial do Alumado, Iluminación e Sinalización Exterior" a ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A., a tipo de xuro variable segundo a oferta presentada sde CTM (0,388%)-14,5 puntos básicos (-0,145 %)= 0,243% . O cálculo anterior referido a euribor trimestral máis un diferencial quedaría en: Euribor trimestral (-0,397%) + Diferencial máximo (0,64 %)= 0,243 % (TAE 0,1702%)"

Visto que se trata dun expediente que ten encaixe no apartado 2 da circular emitida por secretaría con data do 14/04/2020 (nº tarefa T/2020/1917) "As entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos."

Visto que resulta urxente e indispensable para o funcionamento dun servizo básico como é a renovación do alumado público, non suspender os prazos e continuar coa tramitación do expediente, para facer fronte á achega municipal (20 %) do proxecto "Renovación Parcial do Alumado, Iluminación e Sinalización Exterior" xa que, a suspensión, poñería en perigo a contratación do mesmo e o cumprimento das condicións requiridas para a xustificación da subvención concedida polo I.D.A.E., que financia o 80% restante e que segundo se establece na Resolución de concesión da dita axuda (de data 19/12/2019), nun prazo máximo de 6 meses dende a notificación da mesma, o beneficiario deberá acreditar o inicio da tramitación do expediente de contratación (redacción do proxecto) das subministracións, obras ou servizos necesarios para a execución das actuacións.

Tendo en conta que a competencia para a concertación das operacións de crédito, e por tanto, para a adxudicación do contrato de préstamo, corresponde ao Pleno da Corporación, segundo o disposto nos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local e 52.2) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, toda vez que o importe ao que ascende a operación que se tramita supera o 10% de recursos ordinarios do orzamento prorrogado en vigor.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, acadado en sesión celebrada o 23/04/2020.

Visto o debatido nesta sesión,

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: ATNCWWH9NSQXPT736YXQAKMK | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 13



ACORDAMOS:

Primeiro.- Continuar coa tramitación do expediente polas razóns expostas: o inicio do expediente de contratación (redacción do proxecto) das subministracións, obras ou servizos necesarios para a execución das actuacións e o cumprimento das condicións requeridas para a xustificación da subvención concedida polo I.D.A.E.

Segundo.- Adxudicar a operación de crédito destinada ao financiamento da achega municipal da obra "Renovación Parcial do Alumado, Iluminación e Sinalización Exterior" a ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A., nas seguintes condicións:

IMPORTE: 1.708.361,92 euros

PRAZO DA OPERACIÓN: 12 anos (10 de amortización, 2 de carencia)

PERÍODO DE LIQUIDACIÓN XUROS E AMORTIZACIÓN: Trimestral

TIPO DE XURO: Variable:

CTM (0,388%)-14,5 puntos básicos (-0,145 %)= 0,243%

Referido a Euribor trimestral (-0,397%) + (0,64 %) = 0,243 %

T.A.E. (0,1702%) TAE≤CTM

COMISIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE: Non.

COMISIÓN DE AXENCIA: Non.

XURO DE DEMORA: 1 % por enriba do tipo de xuro debedor en cada momento do cálculo

FORMALIZACIÓN: En documento administrativo coa intervención do Secretario/a da Corporación en base ás atribucións de fedatario público que lle outorga o artigo 92.2.a da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. No caso de ser necesario formalizar a operación en escritura pública ante notario, por causas axeas ás entidades financeiras, e de organización da propia entidade, serán de conta do Concello os gastos correspondentes. No caso de elección de notario polas entidades financeiras, deberán as mesmas asumir os custos (cláusula 23ª do prego de cláusulas aprobado por sesión plenaria do 24-02-2020 e Resolución da Alcaldía nº 2019-0344)

TERCEIRO.- Notificar a adxudicación ás Entidades Financeiras que presentaron ofertas.

CUARTO.- Notificar a ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A adxudicataria da devandita operación de préstamo a longo prazo o acordo correspondente, e citala para a formalización da mesma.

Expediente 1292/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO EN RELACIÓN Á PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE URBANA E SOSTIBLE DO CONCELLO DA ESTRADA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Concédesse a palabra ao Concelleiro delegado de Urbanismo, **D. Gonzalo Louzao Dono**, quen

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: ATNCWWH9NSQXPT736YXQAKMK | Corrección: https://eestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 13



explica que o que se propón é a aprobación do Plan de Mobilidade Urbana e Sostible, a cal xa foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo e, con carácter previo a esta, foi consensuado na Mesa de Mobilidade.

Continúa aclarando que este documento recolle unha serie de propostas para mellora a mobilidade urbana do noso concello, sendo necesaria a súa aprobación para empezar a traballar no establecemento das prioridades e ir elaborando os proxectos necesarios para facelo efectivo, esperando contar co apoio de todos os grupos políticos desta corporación.

Intervén o voceiro do grupo do Partido Socialista, **Sr. López Bueno**, para mostrar o apoio do seu grupo á aprobación desta proposta, sobre todo por estar incluído neste documento todas as propostas feitas polo Partido Socialista, estando agradecido por elo ao equipo técnico encargado da súa elaboración. En canto ao dito polo Concelleiro de Urbanismo sobre que espera seguir contando co apoio de todos os grupos políticos para o desenvolvemento do devandito Plan, quere deixar claro que está disposto a continuar coa súa colaboración e prestación do apoio necesario, sempre e cando o grupo de goberno manteña unha actitude negociadora e se cheguen a acordos dentro da respectiva Mesa de Mobilidade, xa que compre aplicar o Plan de acordo cos criterios fixados pola Mesa e que os proxectos sexan elaborados en base aos mesmos e con capacidade de xestión para levar a cabo eses proxectos.

Pide que conste en acta o descontento do seu grupo político coa maneira con que o grupo de goberno anuncio na prensa a aprobación deste documento, xa que antes de que se celebrara a Comisión Informativa saíu unha información facendo fincapé sobre a obra que se pretende facer con cargo a este Plan de Mobilidade, en concreto á urbanización da Praza da Feira; di que está de acordo con que se lle dea prioridade a esta obra, sen embargo cre que se trata dun interese particular do grupo de goberno xa que aínda non foi priorizada pola Mesa de Mobilidade, non entendendo como se está a falar deste proxecto ou actuación cando aínda non está definido nin elaborado, nin sequera se ten definido como se vai a resolver o problema de aparcamento que ten esta vila, é dicir, que se está a falar da renovación desa praza pero non se fala da alternativa de aparcadoiro para os vehículos que utilizan a zona de aparcamento sita na zona a urbanizar.

Remata reiterando o voto a favor de todos os membros do grupo do Partido Socialista, coa salvedade de que se manteñan todas as competencias da Mesa de Mobilidade e que esta teña capacidade efectiva de xestión.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Sra. Blanco Casais**, para trasladar o voto a favor do seu grupo para a aprobación deste Plan de Mobilidade e Sostibilidade, considerando que se trata dun documento moi importante para afrontar retos dentro do punto de vista medioambiental e mellorar a mobilidade dentro do noso concello e acadar unha vila máis humanizada. Espera que o consenso que se acade nesta sesión se manteña ao longo de todos os trámites de desenvolvemento deste Plan.

Quere deixar claro que este voto a favor non é un cheque en branco, porque hai que ser moi responsables con gasto público, e aínda máis nos momentos nos que nos atopamos; polo tanto, é moi importante manter este consenso para establecer prioridades á hora de elaborar os futuros proxectos e dos beneficios a acadar ao amparo deste Plan de Mobilidade. Ante todo o anterior, finaliza, manifestando o seu desexo de que o grupo de goberno sega loitando por acadar futuros consensos no desenvolvemento do devandito Plan.

Intervén a voceira do grupo mixto (BNG), **Sra. Camba Castro**, trasladando o voto a favor do seu grupo a esta proposta, sobre todo tendo en conta a etapa tan difícil que estamos a vivir en materia sanitaria e medioambiental, sendo unha grande oportunidade para facer ben as cousas nun concello moi atacado en materia de mobilidade e derivadas de previas decisións urbanísticas e que foron moi nocivas tanto a nivel urbanístico como a nivel de mobilidade e





medioambiental.

Tamén quere destacar a importancia de que se continúe na liña de contar con todos os grupos políticos na hora de avanzar no desenvolvemento do Plan de Mobilidade Urbana e Sostible que estamos a aprobar, adoptando medidas e aprobando proxectos que beneficien a todo o noso concello.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o Plan de Mobilidade Urbana e Sostible consensuado na Mesa de Mobilidade do Concello da Estrada.

Visto que, con motivo da publicación do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE de 14 de marzo de 2020) e do Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo polo que se modifica o Real Decreto 463/2020 (BOE de 18 de marzo de 2020), e ao abeiro das instrucións ditadas pola Alcaldía en data 20/03/2020, considérase que a aprobación do Plan de Mobilidade Urbana e Sostible e necesaria e imprescindible para mellorar a calidade dos servizos ao cidadán.

Vista a necesidade de aprobación en sede plenaria por ser este o órgano competente.

Vista a necesidade da súa aprobación aos efectos de continuar tramitación de diferentes expedientes ligados á EDUSI.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Urbanismo, en sesión celebrada o 23/04/2020.

Visto o debatido nesta sesión.

ACORDAMOS:

A aprobación do Plan de Mobilidade Urbana e Sostible do Concello da Estrada.

Expediente 3448/2019. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN Á PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E POSTERIOR APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DA ESTRADA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Medio Rural e Medio Ambiente, **D. Juan Constenla Carbón**, o cal aclara que, despois da aprobación inicial do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello da Estrada, foi sometido a exposición pública aos efectos de reclamacións ou alegacións, presentándose dentro de prazo unha única alegación por parte do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia, a cal foi sometida a informe do Enxeñeiro Técnico municipal, onde se lle da resposta ás alegacións presentadas, e, ao abeiro do informado, acordouse desestimar a reclamación presentada, proponéndose a aprobación definitiva deste Plan, o cal é unha ferramenta imprescindible e necesaria para atallar e loitar contra os incendios forestais.

Intervén o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para dicir que, en relación á alegación presentada, considera que está ben fundamentada e resolta no informe

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: ATNCWWH9NSQXPT736YXQAKMK | Corrección: <https://eestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 13



técnico, e por esa causa o seu grupo votará a favor desta proposta de aprobación definitiva do Plan de Incendios, sobre todo considerando que imos tarde, xa que é un documento que tiña que estar aprobado fai anos. Solicita ao grupo de goberno que informe aos veciños do rural sobre as indicacións que contén este Plan, concretamente que se colguen nos taboleiros de anuncios existentes nos diferentes puntos do rural estradense para que os/as veciños/as saiban cales son as franxas de terreos que teñen que estar desocupadas e como se ven afectadas as súas parcelas.

Toma a palabra a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, lembrando que cando se someteu o Plan á aprobación inicial, o seu grupo o consideraba incompleto, de feito presentouse unha alegación polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia. Continúa dicindo que é un Plan xenérico e que podería valer para calquera concello, non detallando as características do noso territorio, sen embargo votouse a favor por considerar que é necesario e a pesares de non ser o Plan que A Estrada necesita. Polo dito e por ser necesario, o seu grupo vai a votar a favor da súa aprobación definitiva, pero considera que é necesario seguir traballando para que A Estrada teña un Plan de Incendios adecuado a seu territorio e ás súas necesidades, e sobre todo tendo en conta as alegacións presentadas.

Concédesse a palabra á voceira do grupo mixto (BNG), **Sra. Camba Castro**, quen comeza dicindo que debido á urxencia de poñer en práctica este Plan, o seu grupo vai a votar a favor da aprobación do nomeado Plan, sobre todo tendo en conta que os incendios forestais empezan nestas datas e o noso rural é unha zona de alto risco.

Volve a intervir o **Sr. López Bueno**, que quere aproveitar para preguntarlle ao Concelleiro delegado de Rural se ten arranxado os anteriores problemas que provocaron a tardía entrada en funcionamento das Brigadas de Incendios.

Lle contesta o **Sr. Constenla Carbón** que se está pendente de asinar o Convenio coa Consellería e así poder iniciar o antes posible a procedemento de contratación do persoal para as Brigadas de Incendios, lembrando que o COVID-19 está a atrasar os trámites, en concreto a publicación da convocatoria. En canto ao acontecido no ano pasado, xa informou no seu día que foi debido a sinatura tardía do Convenio e á dificultade de atopar persoal adecuado, esperando que este ano este problema non volva a acorrer.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA), en materia de prevención de defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixa secundarias, ao que se adheriu formalmente o Concello de A Estrada no ano 2018.

Visto o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de A Estrada asinado por D. Pablo Arbones Maciñeira (enxeñeiro de montes, colexiado 2171, asinado dixitalmente en data de 02/09/2019) e por Dna. María Carmen Paz López (enxeñeira técnica forestal, colexiada 1265, asinado dixitalmente o 31/08/2019). Plan, remitido a este Concello por SEAGA en data maio de 2019, en aplicación do apuntado Convenio.

Visto que, por acordo plenario de 07/11/2020, foi aprobado inicialmente o nomeado

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: ATNCWWH9NSQXPT736YXQAKMK | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 13



Plan.

Visto que o devandito Plan de prevención e defensa contra incendios forestais someteuse a información pública aos efectos de alegacións, reparos ou observacións, mediante publicación do Diario Oficial de Galicia de data 07/02/2020, así como no Faro de Vigo de 17/01/2020 e Taboleiro de anuncios municipal.

Visto que, segundo consta no certificado emitido pola Secretaría municipal con data 16/04/2020, dentro do prazo de exposición pública (do 8 de febreiro ao 9 de marzo de 2020, ambos os dous incluídos), presentou alegacións ao Plan o COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA (data de presentación 27/02/2020).

Visto o informe emitido con data 17/04/2020 polo Enxeñeiro Técnico municipal, D. Ramón Brea Villaverde, dando resposta e resolvendo as alegacións/reclamacións presentadas polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia, e que se transcribe literalmente de seguido:

"REMATADA A EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PLAN DE INCENDIOS FORESTAIS DE A ESTRADA, que se publicou no Diario Oficial de Galicia o día 7 de febreiro a súa aprobación inicial para exposición o público durante o prazo de 20 días para formular alegacións e reclamacións.

Rematado o prazo de presentación de alegacións consta unha alegación, a que a continuación se da resposta

E COA FINALIDADE DE DAR RESPONSA A ALEGACION PRESENTADA POLO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA, COMPRE INDICAR O SEGUINTE:

Que en data de 27/02/2020, nº de Rexistro 2020-E-RE-608, tivo de entrada neste Concello unha alegación remitida por D. JOSÉ FERNANDO ENJAMIO GÁNDARAS, actuando na condición de Decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia,

[REDACTED] no que se divide en tres apartados que son os que se describen no citado documento e que son os seguintes:

PRIMEIRO.- INCUMPLIMENTO DO REQUISITO DE AUTORIA.

RESPOSTA:

Que o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de A Estrada foi asinado por técnicos competentes en materia forestal, sendo estes:

D. PABLO ARBONES MACIÑEIRA, Enxeñeiro de Montes, [REDACTED] firmado dixitalmente en data de 02/09/2019.

DONA MARÍA CARMEN PAZ LÓPEZ, Enxeñeira Técnica Forestal, [REDACTED] firmado dixitalmente o 31/08/2019., tal e como establece o artigo 13.6 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia. A versión do Plan remitida ao Concello no seu día estaba suxeita a revisión, sendo asinada polos seus autores unha vez recibida a información da súa aprobación inicial por parte do Concello, sen que se propoña ningún cambio, tal e como consta no expediente o informe favorable emitido pola oficina técnica do rural, sendo este informe o presentado na comisión informativa celebrada o 30 de outubro de 2019. Trala apertura do período de información pública e a constancia da existencia dunha alegación, tampouco se considera contemplar ningunha modificación do Plan por parte do Concello de A Estrada.

SEGUNDO.- INCUMPLIMENTO DA NORMATIVA DE EMERXENCIAS

RESPOSTA:

En resposta á segunda alegación relativa ao incumprimento da normativa en materia de emerxencias, a entidade alegante, na súa alegación, obvia o establecido no artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, que establece que o ámbito do plan poderá ser de todo o concello ou ilo desenvolvendo por zonas. Respecto á non definición ni concreción dos membros e funcións do CECOPAL e do director do PAM, e outros puntos mencionados na alegación, a entidade alegante parece ignorar que o plan de acción municipal (PAM) é un documento contemplado no plan Especial de Protección Civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA) e que non todos os concellos están obrigados a elaboralo senón só aqueles con todo ou parte do seu territorio en zonas de alto risco (ZAR), así como aqueles con risco alto ou moi alto. A elaboración dos PAM corresponde os concellos, pero a súa homologación é unha competencia da Comisión Galega de Protección Civil, un ámbito sobre a que a Dirección Xeral de Defensa do Monte non ten competencia ningunha, aínda que ten representación na devandita Comisión. Outra cuestión distinta é a integración dos plans de prevención e defensa contra incendios forestais contemplados na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, nos PAM, cousa que está contemplada no PEIFOGA e no propio artigo 16 da Lei 3/2007.

TERCEIRA.- INCUMPLIMENTO DA CONTIDO DO PROPIO PLAN

RESPOSTA:

En resposta á terceira alegación é preciso reiterar o indicado mais arriba en canto ao establecido no artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, e que, en liña co que se recolle no derradeiro parágrafo do apartado anterior, nunha fase posterior, a planimetría sinalada nos puntos 2.2, 2.3 e 2.4 inclúese no plan unha vez que se delimiten as faixas secundarias de xestión de biomasa arredor das vivendas illadas, e se inclúa o inventario da rede de pistas, vías, camiños e estrada de titularidade municipal e dos montes de titularidade municipal, se os

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





houbera, que no noso caso o que había foi transferido mediante acordo as comunidades de vecinos para sua explotación.

O expediente foi remitido os seguintes organismos:

SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO -PROTECCIÓN CIVIL, recibido en data de 21/01/2020

AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS- AXEGA, recibido en data de 21/01/2020

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR, recibido en data de 23/01/2020

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO, recibido en data de 22/01/2020.

GUARDIA CIVIL-IAE. A ESTRADA, recibido en data de 21/01/2020.”

Visto que, con motivo da publicación do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE de 14 de marzo de 2020) e do Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo polo que se modifica o Real Decreto 463/2020 (BOE de 18 de marzo de 2020), e ao abeiro das instrucións ditadas pola Alcaldía en data 20/03/2020, considérase que a aprobación definitiva do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de A Estrada é imprescindible e necesario para mellorar os servizos á cidadanía.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, acadado en sesión celebrada o 23/04/2020.

Visto o debatido nesta sesión,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Desestimar as alegacións/reclamacións presentadas polo COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA (data de presentación 27/02/2020), ao abeiro do sinalado no informe do Enxeñeiro Técnico municipal de 17/04/2020, dando resposta ás alegacións presentadas tal e como se detalla a continuación:

a) INCUMPRIMENTO DO REQUISITO DE AUTORIA.

RESPOSTA:

Que o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de A Estrada foi asinado por técnicos competentes en materia forestal, sendo estes:

D. PABLO ARBONES MACIÑEIRA, Enxeñeiro de Montes, [REDACTED] firmado dixitalmente en data de 02/09/2019.

DONA MARÍA CARMEN PAZ LÓPEZ, Enxeñeira Técnica Forestal, [REDACTED] firmado dixitalmente o 31/08/2019., tal e como establece o artigo 13.6 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia. A versión do Plan remitida ao Concello no seu día estaba suxeita a revisión, sendo asinada polos seus autores unha vez recibida a información da súa aprobación inicial por parte do Concello, sen que se propoña ningún cambio, tal e como consta no expediente o informe favorable emitido pola oficina técnica do rural, sendo este informe o presentado na comisión informativa celebrada o 30 de outubro de 2019. Trala apertura do período de información pública e a constancia da existencia dunha alegación, tampouco se considera contemplar ningunha modificación do Plan por parte do Concello de A Estrada.

b) INCUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE EMERXENCIAS

RESPOSTA:

En resposta á segunda alegación relativa ao incumprimento da normativa en materia de emerxencias, a entidade alegante, na súa alegación, obvia o establecido no artigo 16.4 da Lei 3/ 2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, que establece que o ámbito do plan poderá ser de todo o concello ou ilo desenvolvendo por zonas. Respecto á non definición ni concreción dos membros e funcións do CECOPAL e do director do PAM, e outros puntos mencionados na alegación, a entidade alegante parece ignorar que o plan





de acción municipal (PAM) é un documento contemplado no plan Especial de Protección Civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA) e que non todos os concellos están obrigados a elaboralo senón só aqueles con todo ou parte do seu territorio en zonas de alto risco (ZAR), así como aqueles con risco alto ou moi alto. A elaboración dos PAM corresponde os concellos, pero a súa homologación é unha competencia da Comisión Galega de Protección Civil, un ámbito sobre a que a Dirección Xeral de Defensa do Monte non ten competencia ningunha, aínda que ten representación na devandita Comisión. Outra cuestión distinta é a integración dos plans de prevención e defensa contra incendios forestais contemplados na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, nos PAM, cousa que está contemplada no PEIFOGA e no propio artigo 16 da Lei 3/2007.

c) INCUMPRIMENTO DA CONTIDO DO PROPIO PLAN

RESPOSTA:

En resposta á terceira alegación é preciso reiterar o indicado mais arriba en canto ao establecido no artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, e que, en liña co que se recolle no derradeiro parágrafo do apartado anterior, nunha fase posterior, a planimetría sinalada nos puntos 2.2, 2.3 e 2.4 incluírase no plan unha vez que se delimiten as faixas secundarias de xestión de biomasa arredor das vivendas illadas, e se inclúa o inventario da rede de pistas, vías, camiños e estrada de titularidade municipal e dos montes de titularidade municipal, se os houbera, que no noso caso o que había foi transferido mediante acordo as comunidades de veciños para súa explotación.

Segundo.- Aprobar definitivamente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de A Estrada, asinado por D. Pablo Arbones Maciñeira (enxeñeiro de montes, [REDACTED] asinado dixitalmente en data de 02/09/2019) e por Dña. María Carmen Paz López (enxeñeira técnica forestal, [REDACTED] asinado dixitalmente o 31/08/2019).

Terceiro.- Publicar a aprobación definitiva no Boletín Oficial de Galicia e no Taboleiro de Anuncios municipal da sede electrónica deste Concello.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 31 DE MARZO DE 2020

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e 31 de marzo de 2020 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2020-0239 ao número 2020-0339 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Finalmente, levántase a sesión sendos as catorce horas vinte e cinco minutos do día do seu comenzo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: ATNCWWH9NSQXPT736YXQAKMK | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13